Pero o máis significativo de todo isto é que nestas datas a xente deixa en parte os seus problemas e dificultades e procura ser un pouco mellor; deixan de lado as diferenzas, retómanse amizades esquecidas… En definitiva, todos desexamos ser un pouco mellores.

Para rematar podemos dicir que a Mensaxe de Nadal é unha mensaxe de amor, paz e solidariedade.

Desexamos a todos/as os que ledes "O Espigonciño" un bo Nadal e un proveitoso Aninovo.

Os alumnos/as de 6º de primaria.

## O NACEMENTO DE XESÚS... DONDE E CANDO?

César Augusto, o emperador do Imperio Romano decretou que todos deben regresar a cidade onde naceron para apuntarse nun rexistro. Por eso Xosé viaxa ao lugar do seu nacemento, a cidade de Bélen. Hai moitas persoas na cidade, Xosé e María so poden atopar un establo onde aloxarse, alí nace Xesús. María o envolve en bandas de tea e o deita nun pesebre.

¡Que importante é esta noite! Afora nos campos unha luz brillante resplandece en torno a un grupo de pastores, de repente moitos ánxos aparecen e cantan: "Gloria nas alturas a Deus, e sobre a terra paz entre os homes de voa vontade".

Moitas persoas hoxe cren que Xesús naceu o 25 de Decembro, pero a Bíblia non menciona a fecha do nacemento de Xesús. En Belén o mes de Decembro e unha época de choiva e frío, polo tanto os pastores non pasarían a noite fóra nos campos cos seus rebaños durante ese tempo do ano.

Polas súas dinámicas enseñanzas e polo modo como viviu en conformidade con elas, Xesús influiu profundamente na vida da xente por máis de dous mil anos.

Pode decirse indiscutiblemente que é o home más grande de tódolos tempos.

(Lucas 2,1-20 – Miqueas 5,2)

Federico 6º B



# Internet.

## Navega con Rumbo.

Trátase dun sitio web con guías para as familias, que aportan recomendacións e consellos para nevegar con rumbo polo ciberespazo.




**http://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/presentacion.html**

## EspazoAbalar.

Espazo ABALAR nace co obxectivo de converterse no portal referente dos servizos educativos en Galicia, tanto para o alumnado como para as nais e pais, e en xeral, de toda a comunidade educativa.




**http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/**

# Proxectos: Abalar.



No presente Curso Escolar comezamos no Centro co Proxecto ABALAR. Con seguridade, e dado que nos medios de comunicación tense falado bastante desta iniciativa, a maior parte da comunidade educativa xa dispón dalgunha información sobre este proxecto. Con todo, e para clarificar algúns aspectos que non se recollen coa precisión debida, tentaremos aportar algunha información que concrete en que consiste o proceso do que estamos a falar. Ao tempo, e xa que este é un xornal dirixido fundamentalmente aos nenos, aportaremos algunhas mostras que tratan de recoller as expectativas suscitadas no alumnado que vai dispoñer desta nova tecnoloxía e que non é outro, neste colexio, que o de 5º de E. Primaria. Estas son algunhas das características do Proxecto ABALAR.

No que se refire ao equipamento material das aulas ABALAR hai que dicir que se lle facilita a cada alumno un ultraportátil para utilizar exclusivamente na aula. Non se pode levar, xa que logo, para a casa, quedando no colexio para a súa recarga polas noites. É un miniordenador (netbook) moi manexable que cumpre a doble función de ordenador e lector de documentos electrónicos.

As aulas dótanse dunha pizara dixital interactiva (PDI), dun portátil para o profesorado, dun armario de carga e dun proxector. Instálase tamén unha rede wifi, de alta velocidade, configurada e xestionada directamente desde a Consellería de Educación en Santiago de Compostela e que permiten a conexión entre o usuario e a rede externa.

O Proxecto ABALAR trata, tal e como se recolle no documento da Xunta, de acadar a integración plena das TIC (Teconoloxías da Información e a Comunicación) na práctica educativa en Galicia, como unha das áreas prioritarias de intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ten a súa orixe na palabra celta "Abal", que significa mazá, a froita da sabedoría, e no termo galego "Abalar" para transmitir a mensaxe de promover e facilitar o movemento, o cambio e a transformación na educación.

Débese ver este proxecto como un recurso máis, é certo que tecnoloxicamente avanzado, pero que non vén substituír senón complementar a dotación das aulas para posibilitar unha metodoloxía máis dinámica e motivadora, ao tempo que fai dos alumnos persoas máis dotadas para afrontar os retos que un futuro cada vez máis esixente no aspecto tecnolóxico lles presenta.

**PROXECTO ABALAR**

O proxecto ABALAR é un programa que protagoniza a Xunta de Galicia. Para os alumnos de 5ª de primaria e para os alumnos de 1ª e 2ª da ESO, hai un ordenador portátil pequeno, e un grande para o profesorado. É un proxecto magnífico.

Xandre.

Agora os alumnos/as de 5º de Primaria están contentísimos por ter uns portátiles que son táctiles e teñen un lapis e, por último, a pantalla do portátil pódese xirar e dobrar. Na clase temos un moble que é para gardar os portátiles. Cada un da clase ten un e tamén ten cámara. E o último de todo é que temos a pizarra dixital que ten un lapis. Nós, os alumnos, imos ter os portátiles ata 2º da ESO e estamos moi contentos desde que os temos.

Cristina.

O proxecto Abalar é un novo sistema imposto pola Consellería de Educación, que consiste na integración das Tecnoloxías de Información e Comunicación no ensino en Galicia. Por sorte o noso Centro foi un dos afortunados en instalalo neste primeiro ano, dándolle ao mesmo "ultraportátiles", que ademáis son con pantalla táctil. O obxectivo que se persegue é o cambio do modelo educativo galego, convertendo así aos colexios, en Centros Educativos Dixitais.

Tódolos nenos andan moi contentos, (sobre todo os da miña clase), pola nova iniciativa; xa se verá se o ánimo é o mesmo cando o teñan que utilizar coma unha ferramenta de traballo que é, e deixe de ser unha novidade.

Laura Martínez García 5ºA

Estou moi emocionado co Proxecto ABALAR porque temos pizarra dixital, que é mellor ca antiga, e cos ordenadores buscamos mellor a información. Así tamén se buscan no dicionario do ordenador as cousas moito máis rápido e é moito máis cómodo parra corrixir os deberes enfocados na pizarra e para que o mestre nos explique as cousas mellor, porque nesta pizarra fanse as cousas máis rápido que na outra.

Sergio Eiroa

Proxecto Abalar trátase dun programa que fai a Xunta de Galicia
a favor dos alumnos de 5º de E. Primaria e polo que nos dan ou prestan uns portátiles, unha pizarra táctil e un proxector para a aula, así como un moble no que se deixan os portátiles para cargar.

Sergio Díaz

O proyecto abalar e un sistema que nos puxeron no colexio para facer actividades cos ordenadores.A min paréceme un sistema moi estupendo porque poderemos entrar en internet para facer exercicios .
Tamén vamos escribir menos e aprendemos a manexar o ordenador,traballe máis cómodo. Oxalá que algún día fagamos todo co ordenador porque quitarianos o traballo de levar tantos libros o cole e non nos pesará tanto na espalda .

Cintia.

Os nenos de hoxe en dia traballan con Pantallas táctiles e portátiles iso é o que
Os profesores cháman o proyecto Abalar, Non sei porque o cháman así pero bueno.
A nosa clase cambiou moito,e os nenos da Nosa clase están moi contentos co cambio Da clase.

Na nosa clase hai un estante branco e morado que ten os portátiles novos,
Ten dous botós , un vermello e outro verde. Non sei para que son , creo que tiña tamén Un amarelo tampouco sei que é.

Clara.

O proyecto avalar e unha idea bastante boa e para que os alumnos de 5º poidan facer os traballos no ordenador e non ter que escribir todo a man. E tamén esta ben para que os nenos e nenas aprendamos a manexar mellor os ordenadores. O que máis me gusta dos ordenadores e que se poden poñer en forma de libreta, e escribir neles, e tamén gustame que a pantalla sexa tactil. Ata ten un lapis para a pantalla. ¡ENCÁNTAME A IDEA!

María Corral Piñon

Escritores : Os alumnos de 5ºA

Eu penso que o proxecto Abalar é para ter máis facilidades nas clases do noso curso. Tamén penso que isto é para que os nenos poidan aprender a utilizar pantallas táctiles, ordenadores.... A Xunta imaxino que o fai para mellorar as notas dos nenos. A min de todas maneiras intrígame isto do proxecto. As pantallas e os ordenadores servirannos de axuda, poderemos buscar información e moito máis. Eu creo que isto vai funcionar, aínda que non sexa todo o que eu penso.

Ángela Martínez Martínez

Eu penso que este proxecto vai facilitar o ensino dos nenos, que neste caso somos nós. As pantallas e ordenadores van a ser moi útiles e ao mellor divertidos.

Xa me tarda. Eu creo que este proxecto vainos gustar a todos

Carmen Painceira Domínguez

Eu penso que este proxecto que organizou a Xunta é para saber utilizar cousas electrónicas como a pantalla e os ordenadores. Tamén para facer traballos na clase como buscar información de algo.

Adrián Rubido Martínez

O proxecto AVALAR é para probar uns ordenadores que aínda non saíron ao mercado. A Xunta de Galicia quere que os probemos algúns 5º e algúns 1º ESO. Con sorte nos elixiron a nós e a outros colexios de Galicia. A min dame moita ilusión. Creo que serán uns mini portátiles coa pantalla xiratoria e táctil, quedarán como unha libreta.

Pero iso non supón que se vaia sustituír os libros e libretas, so como un instrumento máis. Será moi divertido.

Sabela Pita Armada

Eu penso que este proxecto vai darnos unha nova maneira de aprender, pero tamén utilizaremos os materiais que se utilizaban antes. Isto é un bo proxecto porque grazas a isto xa non teremos que preguntar tanto aos profesores, so algunhas cousas que non atopemos. Se grazas a isto aprendemos máis será todo un éxito.

Simón Ríos Fernández

Eu penso que ... este ano imos instalarnos mellor niso da tecnoloxía. Agora mesmo están facendo reformas na nosa clase, pero non pensedes que é calquera reforma. Están a instalar unha pantalla dixital e ordenadores para traballar con eles. A verdade é que será moi divertido ter unha aula nova. Penso que nos vai afectar un pouco. Seguro que non imos utilizar tanto o libro e esa idea non me gusta moito porque non dou comprendido igual. Todos están moi emocionados, din que as mesas van estar xuntas, pero eu non o creo porque poderiamos copiar. O nome do proxecto sóame a envolver, chámase: Avalar

Andrea Tojeiro Bellón

Eu penso que o proxecto Avalar é que nos quintos das distintas escolas, e non de todas, haberá pantallas dixitais e uns ordenadores para o traballo e o estudo. Os ordenadores serán pequenos e nos darán unha serie de páxinas dirixidas aos nosos estudos. As pantallas serán utilizadas como pantallas táctiles e usaranse para correxir, facer ou apuntar deberes.

Adrián Pernas Lamas

Eu penso que a miña clase vai mellorar porque nos van poñer unha pantalla táctil e instalarnos uns ordenadores. Na clase imos ter moi pouco espazo, pero iso non é importante. Eu creo que imos estar mellor agora coa nova clase.

Rafael Santos GonÇalves

Eu penso que para min é guai porque son cousas divertidas. Serve para facer exercicios de Mate, Lengua, Lingua. Pero non pensedes que os imos facer na pantalla táctil; os exercicios ímolos facer nos ordenadores. Pero non poderemos facer os deberes na clase senón onde coloquen os ordenadores.

Celia Varela Fuentes

Eu penso que este proxecto Avalar( cousa que ata agora chamaba Avatar) vai ser como unha clase normal, pero a vez aprendemos a usar as novas tecnoloxías. Personalmente eu creo que sei moi ben "*fuchiclilar"(andar, argallar)* no ordenador de todas maneiras nunca está de máis saber algo mellor. Pero a impresora dá medo, é coma se te comese.

Claudia Sanjurjo Fontela

Este ano poden mellorar miles e miles de cousas. Imos traballar na nosa pizarra dixital e xa non temos que ir a audiovisuais en Coñecemento, en Matemáticas, en Lingua Castelá, en Lingua Galega e tamén en Ingles. Xa non vai facer sombras como a pizarra de audivisuais. Pero o mellor é que temos audiovisuais na clase.

Raúl Pita Balseiro

Eu penso que isto é sobre unha competencia dos colexios, é dicir, entre os 5º e 1º de ESO. Falarase sobre o colexio que é mellor pola capacidade de saber, polos estudos e nalgunhas asignaturas como por exemplo: Lingua Castelá, Lingua Galega, Coñecemento , Matemáticas... O colexio que gane recibirá un premio moi especial.

Nerea Vale Santiago

Eu penso que para min o proxecto AVALAR non vai supoñer un gran cambio porque agora xa estamos acostumados ás libretas e xa sei cas imos seguir utilizando. Por outra parte véxoo ben porque así nos ensinan a utilizar as pizarras dixitais e os ordenadores. Pero eu non me quero esquecer dos cadernos, lapis,bolis, goma... e que me dá mágoa! Bo, xa veremos...

Carla Salgueiro Bereijo

Eu penso que traballaremos cos ordenadores moi ben. Seguro que as cousas serán máis fáciles coa súa axuda. Eu non sei como vai ser a miña clase coa pantalla táctil e os pequenos portátiles. Estou orgullosa de que por fin nos traigan os ordenadores e a pantalla.

Carmen Winter Daporta



# Proxecto: Historia dunha semente.



## PROXECTO: HISTORIA DUNHA SEMENTE

As plantas teñen un ciclo de vida coma o resto dos seres vivos, nacen, medran, reprodúcense e morren. Para medrar necesitan terra, aire, luz do sol e auga. Pero... como nacen as plantas? Que necesita unha semente para xerminar? É posible que xermine só con humidade e temperatura axeitada?

Para aclarar todas estas dúbidas fixemos un pequeno experimento. Collemos un algodón, empapámolo en auga e metemos dentro sementes de fabas, lentellas, garavanzos... Colocámolas dentro duns botes transparentes, puxémolos na ventá para que lles dera o sol e... esperamos a ver que pasaba!

Escribimos un diario das sementes no que rexistramos os cambios que iamos observando. Impresionante! Aos poucos días as sementes das fabas e das lentellas xa tiñan raíces, os garavanzos tardaron un pouquiño máis. Esperamos a que lle saísen as raíces a todas as sementes para plantalas. Enchemos o bote de terra, metemos as sementes no medio, regámolas e colocámolas na ventá para que medraran.

Nótase que a terra ten moitos nutrientes, aos poucos días xa puidemos observar como lles medraba o talo e na parte de arriba tiñan un cotiledón do que lle saíron follas.
Notamos como medran día a día. As nosas sementes teñen raíz, talo e follas, xa lles podemos chamar plantas! Dentro de pouco ímolas levar para a casa para transplantalas, o bote faise pequeno e necesitan máis terra.



A algúns compañeiros non lles medrou a semente e tivérono que intentar varias veces. Outros, esqueceron algunhas sementes no baño dos nenos e... sabedes o que pasou? Brotaron alí mesmo. Foi incrible!

Gustounos moito esta experiencia, animámosvos a que a fagades, pero ollo, o traballo non remata aquí, agora debemos responsabilizarnos do coidado das nosas plantas.



Garavanzos



Lentellas



Fabas



Fabas e lentellas



Un pouco de todo

| AS NOSAS OBSERVACIÓNS | | |
|---|---|---|
| Luns, 25 de outubro | Puxémos a semente en algodón húmido na ventá. A ver que pasa! |  |
| Mércores, 27 de outubro | Non pasou nada. | |
| Venres, 29 de outubro | As sementes incharon, parece que van romper. |  |
| Luns, 1 de novembro | As fabas e as lentellas xa botaron raíz.<br>Mmmm... os garavanzos non. | |
| Xoves, 4 de novembro | Xa medrou a raíz central e saíronlle máis raíces pequenas. |  |
| Venres, 5 de novembro | Botei terra no bote, metín a semente dentro, regueina e púxena ao sol. |  |
| Luns, 8 de novembro | As raíces medran moitísimo. |  |
| Mércores, 10 de novembro | A planta xa ten talo e no cotiledón estánlle saíndo follas. |  |
| Venres, 12 de novembro | Notei moitos cambios na planta, xa medrou moitísimo, ten talo e unhas follas verdes moi bonitas. |  |
| Luns, 15 de novembro | A planta non para de medrar, está moi alta. |  |
| Mércores, 17 novembro | Levamos as plantas para a casa. |  |




ALUMNOS/AS 4º A

## Proxecto:Vixiantes do patio.

A labor dos vixiantes é vixiar a quen tira cousas no chan e quen as tira na papeleira que ademais hai catro tipos: de papel, basura, de plástico e de vidro, aínda que no colexio só hai tres, menos o do vidro.

Cando un neno non lle fai caso ao vixiante hai que decirllo aos profesores que están de garda.

Pero hai moitos alumnos que se negan a facer caso, aínda que o profesor/a lle mandara tiralo.

Os vixiantes repártense nos dous patios, os de 2º e 3º no patio infantil e os de 4º, 5º e 6º no patio dos maiores. O seu traxe é un chaleco e unha gorra, ás veces levamos un guante.

Alumnos/as de 6º B

# Biblioteca.



Dende a biblioteca queremos aportar ao noso xornal escolar algúns traballos realizados polo alumnado sobre as actividades realizadas.

Os "bibliotecarios" de 6º fixeron unha redacción sobre o proceso de selección do alumnado colaborador.

Os "bibliotecarios" de 5º redactaron a celebración no colexio do Día das Bibliotecas Escolares e os debuxos fixéronnos os "bibliotecarios" de 4º.

E outras das actividades que se desenvolveron no recreo, foron as gravacións de contos. O alumnado de 2º A traballou o conto *Dona Carme* para festexar o Día das Bibliotecas Escolares. E un grupo de nenas de 4ºA traballou o conto *A castaña que reventou de risa*, para celebrar o Magosto.

Aí van os seus traballos.

## **BIBLIOTECARIOS.**

Para elexir aos colaboradores, fixéronse unhas probas, que consistían en colocar no seu correspondente andel os libros pertencentes a cada sección, e isto se sabe facer grazas a que os profesores ensinháronnos. Os que pasaban a proba son colaboradores e os que non a pasaron, depende: se casi a pasaron, suplentes, e os que non, non son nada.

Agora que xa estamos en 6º, xa facemos as devolucións e empréstamos de libros e películas, entrando en proxecto meiga. En cambio, os de 5º poñen as fechas e colocan os libros, como os de 4º.

Os libros colócanse mirando primeiro o gomet: vermello, amarelo, verde o número e as iniciais do nome do autor e do título.

Colaboradores 6º



# *O DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES*

O 25 de outubro celebramos o día das bibliotecas escolares.Apareceu Multileo (a mascota da nosa biblioteca) no recreo. Veu para motivarnos a ler. Regalounos libros, axendas, camisetas, marcapáxinas, pegatinas, ... Á saída do recreo escoitábase uns poemas que ían sobre libros e bibliotecas e á entrada un conto que se titula Dona Carme. O conto lérono os nenos de 2º A.

Gustounos que viñera Multileo ao colexio e que nos leran uns poemas e un conto. Tárdanos o ano que ven para volver a celebralo.

FIN

Colaboradores de 5º:

Ana Blanco Covelo

Sergio Eiroa Carrodeguas

Ángela Martínez Martínez

Sabela Pita Armada

Claudia Sanjurjo Fontela

Andrea Tojeiro Bellón

Nerea Vale Santiago

Celia Varela Fuentes

res 6º





## Gravación de contos para a biblioteca

Neste trimestre, comezamos un novo apartado dentro da páxina da biblioteca: a grabación en audio de contos. O primeiro foi para celebrar o Día das Bibliotecas e o outro foi para festexar o magosto.

### 1- DONA CARME

Para celebrar o Día das Bibliotecas en 2ºA gravamos o conto de Dona Carme que mola moito. Primeiro poñiamos os cascos e despois liamos un anaco do conto mentres outros facían os ruidos dos animais.



Logo oíamos o gravado e daba risa e borrábamos se estaba mal. Despois repetíamos a grabación ata acabar.
Finalmente púxoa Caloto na megafonía para que se escoitara por todo o colexio e a oiran todos á saída.
Se queres oíla agora está nun video na páxina do colexio.

### 2- A CASTAÑA QUE REVENTOU DE RISA

Un grupo de alumnas de 4º A colaboraron coa biblioteca gravando en audio un conto para festexar o magosto. Esta foi a súa opinión da experiencia:



- A min gustoume moito a experiencia, di Julia. A parte que máis me gustou foi na que a brasa caía no río. Escachamos coa risa.
- Gustoume moito gravar a escena na que a castaña reventaba coa risa- foi o que dixo Eva.

Aida di que repetiría outra vez. Para ela foi entretido e gustoulle bastante mentres que Nuria di que estivo moi ben, aínda que só gravou un anaquiño.
A Arantxa, como foi a castaña, di que foi xenial ser a protagonista da historia.
En poucas palabras, gustoulle isto de gravar.
Os que queirades podedes facer coma estas compañeiras e compañeiros.
Cando vos toque biblioteca, podemos gravar o voso libro favorito. Todos estes contos gravados podedes escoitalos na páxina da biblioteca.

MULTILEO quere agradecer o traballo realizado polos nenos e nenas. E sobre todo, anímavos a que lles pidades a **Papá Noel** e aos **Reis Magos libros e libros para ler moito.**



Bicos.

# Obradoiro: Xogos para o magosto.

**Xogos para o Magosto: SOLITARIO DE ABELÁS e XOGO DE PARELLAS**

Fixeron falla 2 mesas vellas, avelás, témperas e a axuda de Juan, un anaco de tea...

**1- -SOLITARIO DE ABELÁS**





1- Juan fixo os buratos na mesa e nós pintámola de branco .

2-Debuxamos cousas do outono e coloreamos



3- Decoramos a zona central



4- Colocamos as avelás e, a xogar!







1- Coloreamos a tea que tapa a mesa deixando uns rectángulos para pegar unha parte da ficha.

2- Debuxamos por duplicado cousas do outono co seu nome. Unha parte pégase na mesa e outra nun anaco de cartolina.

3- Poñemos as fichas nriba dasda árbore e xogamos a emparellar as que son iguais erguendo de dúas en dúas.
Están na biblioteca para xogar no recreo.

**Alumnos e alumnas de 2ºA**

# Obradoiro: Construción dunha peceira.



Material: Caixa de zapatos, cunchas, area, rede, papel, peixes debuxados en cartolina, témperas, fio e plástico transparente.



Primeiro pintamos a caixa con témperas por dentro e por fóra.



Despois adornamos o fondo con peixes, algas e na base pegamos area.



Pintamos os peixes de cartolina e recor- támolos e despois pegámolos colgados por un fío.



A continuación poñemos encima da area cunhas, pedras, barco de papel con redee peixes.



Finalmente recortamos a tapa da caixa, e poñemos plástico transparente.



Finalmente poñemos a tapa na caixa e adornamos como máis nos guste.

**Alumnos e alumnas de 2ºA**

# Deportes.

A carreira de Moeche

Un día chuvioso fomos correr a Moeche. Competían: Cariño, Cedeira, Mañón e Moeche. Íamos xogando no autobús escribindo nos cristais empañados. Cando chegamos a Moeche entramos no pavillón e deixamos as mochilas nas gradas. Saímos mirar o circuito.¡Era moi estraño! (Non o entendíamos). Cando empezou a carreira primeiro saíron os de infantil masculino. Gañou David de 6ºA, despois foi infantil feminino e gañou Andrea Novo, en alevín masculino gañou Cristian Yañez , en alevín feminino gañou María de 5ºA , en Benxamín masculino gañou un de Cedeira e en Benxamín feminino gañou Esther de 3º. Despois merendamos e xogamos . Uns nenos de 4ºB, Nicolás Pérez e Juanma Roca fixeron a gamba.



Cariño gañou! FIN

Clasificación. Só os resultados dos participantes de Cariño.

| Infantil masculino | Infantil feminino |
|---|---|
| 1º David Dos Santos (Cariño) | 1ª Andrea Novo (Cariño) |
| 2º Francisco Ramil (Cariño) | 2ª Andrea Shepherd (Cariño) |
| 3º Carlos Pernas (Cariño) | 3ª |

| Alevín masculino | Alevín feminino |
|---|---|
| 1º Cristian Yañez (Cariño) | 1ª María Corral (Cariño) |
| 2º | 2ª Sabela Pita (Cariño) |
| 3º | 3ª Nicolle Pérez(Cariño) |

| Benxamín masculino | Benxamín feminino |
|---|---|
| 1º | 1ª Esther Fraga (Cariño) |
| 2º | 2ª |
| 3º | 3ª |

Juanma e Nicolás de 4ºB

















# Pasatempos.

## ADIVIÑAS

Nunca quito a roupa
Pero póñome un disfraz
Sobre o meu vestido verde
Ao chegar o Nadal.
(a árbore do Nadal)

*Julen 6º B*

De día traca, traca,
e de noite baixo a cama.
(os zapatos)

Alto de pernas,
delgado de bóla,
en cada pola,
unha perindola.
(o pino)

*Andrea Novo 6º B*

Envoltorios de cores
para miles de sabores.
(os polvoróns)

Voando no seu trineo
vai cruzando o ceo.
(Papá Noel)

É toda de cera
e a súa
chama centellea.
(a candea)

Saíron de Oriente
con rumbo a Belén
se queres xoguetes
escribelle aos tres.
(os Reis Magos)

*Andrea Loureiro 6º B*



## DESCUBRE AS 10 DIFERENZAS





# Outras portadas





















CEIP “Manuel Fraga Iribarne”
Cariño

Subvencionado pola
**Consellería de Educación e O.U.**
Secretaría Xeral de Política Lingüística